



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Segundo Idioma Estranxeiro I: Alemán

Materia	Segundo Idioma Estranxeiro I: Alemán			
Código	V01G180V01107			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1º	1c
Lingua de impartición	Alemán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sanchez, Maria Jose			
Profesorado	Corvo Sanchez, Maria Jose Glaser, Stefanie			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>É unha materia de seis créditos, que se imparte no primeiro cuadrimestre do primeiro curso do grao, e que está concibida como unha disciplina de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén este idioma, entendendo con isto a lingua e a cultura dos pobos que se expresan en alemán e de modo principal Alemaña, Austria e Suíza.</p> <p>Tense en conta o feito de que a maioría do alumnado se enfronta por primeira vez á lingua alemá na idade adulta, polo que se parte dun nivel cero de coñecementos que, se ben permite unha progresión relativamente rápida no dominio gramatical básico da lingua, só admite unha progresión bastante máis lenta no dominio das competencias orais neste primeiro curso.</p>			

## Competencias de titulación

Código				
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz			
A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz			
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios			
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos			
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao			
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía			

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, A1 dos seus mecanismos e formas de expresión.	
- Sentar as bases para desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A2

- Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	A5	
- Sentar as bases para desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	A10	
- Sentar as bases para desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socioculturais e da civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.	A7	B5

## Contidos

Tema	
Introdución. A lingua alemá: presentación. Fonética e alfabeto.	Presentacións e saúdos. Os países e o mapa.
Tema 1. Tipos de palabras. Tipos de frases. A declinación: artigo e nome. A conxugación: o verbo en presente. Os pronomes persoais.	As cidades.
Tema 2. O xénero e o número. A declinación: nominativo e acusativo.	O calendario e a data. Nomes e personalidades. A música.
Tema 3. O presente de verbos irregulares. Verbos separables. A negación.	Traballo e tempo libre.
Tema 4. Verbos modais. Nomes contables e incontables. As preposicións de acusativo.	Os alimentos e as comidas. A compra.
Tema 5. A declinación: o dativo. Pronomes posesivos e pronomes persoais. As preposicións de dativo. O modo imperativo.	Aprender unha lingua estranxeira. Na clase.
Tema 6. Preposicións con acusativo e con dativo. O pretérito perfecto.	Viaxes e medios de transporte.
Observación: Este temario inicial, no que se propón un estudo da lingua e da cultura alemás, entendendo con isto a lingua e a cultura dos pobos que se expresan en alemán e de modo principal Alemaña, Austria e Suíza, está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia no referente aos temas de Landeskunde aquí propostos.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	8	20	28
Presentacións/exposicións	6	6	12
Traballos de aula	16	20	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	40	44
Prácticas de laboratorio	7	3	10
Traballos tutelados	6	10	16
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta curta	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposicións teóricas de temas gramaticais, léxicos e culturais.
Presentacións/exposicións	Actividades complementarias: presentación por parte da profesora de diferentes tipos de dicionarios con especial fincapé no uso correcto dos dicionarios bilingües español-alemán/alemán-español. Presentación doutras ferramentas en liña para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Traballos de aula	Actividades lingüísticas: práctica de lectura, escritura e tradución.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades léxicas e gramaticais: prácticas gramaticais e léxicas con exercicios adecuados aos temas expostos.
Prácticas de laboratorio	Prácticas sobre os seguintes aspectos fonéticos e destrezas orais: pronunciar correctamente o alemán, comprender correctamente frases e textos sinxelos, responder en alemán a preguntas doadas sobre situacións cotiás, entender conversacións básicas e practicar oralmente sobre os temas incluídos no temario.
Traballos tutelados	Actividades de repaso e control: preparación, realización e corrección de exercicios e comentario das dificultades lingüísticas e de Landeskunde resultantes.

Actividades introductorias Actividades de organización: explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios e outros libros complementarios.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Actividades lingüísticas de pronunciación, lectura, escritura, tradución, gramática e léxico na aula que requiren o control individualizado de cada estudante por parte da profesora.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades lingüísticas de pronunciación, lectura, escritura, tradución, gramática e léxico na aula que requiren o control individualizado de cada estudante por parte da profesora.
Traballos tutelados	Actividades lingüísticas de pronunciación, lectura, escritura, tradución, gramática e léxico na aula que requiren o control individualizado de cada estudante por parte da profesora.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valoración continua da asistencia e participación.	15%
Traballos de aula	Valoración continua da asistencia e participación activa nas actividades lingüísticas e de Landeskunde.	15%
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valoración continua das prácticas gramaticais e léxicas.	20%
Traballos tutelados	Valoración global das actividades de repaso.	10%
Probas de resposta curta	Exame escrito de contido léxico, gramatical e de Landeskunde.	40%

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### CONVOCATORIA ORDINARIA

Ofrécense dous sistemas de avaliación: continua e semipresencial.

O sistema de avaliación continua implica a asistencia regular e a participación activa do alumnado no desenvolvemento das clases maxistras, así como nos traballos de aula e nos tutelados, o que computa un 40 % da nota final. Non se obterá puntuación por este concepto cando a asistencia sexa inferior a un 80 % do total das horas de clase. Informarase a profesora de calquera incidencia en relación coa non asistencia ás clases. Dentro deste concepto, as actividades voluntarias computan nunha porcentaxe do 10 %. O resto de porcentaxes guíase segundo a desagregación da táboa anterior.

Como alternativa ao sistema de avaliación continua ordinario, propónse un sistema de semipresencialidade, segundo o cal o alumnado que se acolla a el terá que realizar con éxito as seguintes probas e tarefas para superar a materia: un exame escrito final de contido léxico, gramatical e de *Landeskunde* (50 %) e a entrega de dous traballos de contido lingüístico e/ou cultural (50 %). Estes traballos acordaranse entre a docente e o estudantado.

#### CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Exame teórico-práctico dos contidos do curso (100 %).

### Bibliografía. Fontes de información

Müller, M. et al., **Optimal A1: Lehrwerk für DaF. Lehrbuch**, München, ed. Langendtscheidt,

Müller, M. et al., **Optimal A: Lehrwerk für DaF. Arbeitsbuch**, München, ed. Langendtscheidt,

Bibliografía complementaria e orientadora

A. Optimal A1-Materialien

Audio CDs A1. Langenscheidt (3-468-47005-3)

Glossar Deutsch-Spanisch A1 (3-468-47017-7)

Lerner CD-ROM A1 (3-468-47010-X)

Optimale Links und Online-Projekte ([www.langenscheidt.de/optimal](http://www.langenscheidt.de/optimal))

## B. Dicionarios e vocabularios

Collins. *Diccionario Compact Plus. Español Alemán. Deutsch Spanisch*. Glasgow, HarperCollins Publishers, 2004.

Tschirner, E. *Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen*. Berlin, Cornelsen. 2008.

Davies, H. *Diccionario de alemán para principiantes* (Dicc. ilustrado). Madrid, Susaeta Ediciones.

Langenscheidt. *Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español*. Berlin-München, Langenscheidt. 2005.

Langenscheidt. *Langenscheidt Diccionario Básico Alemán*, Berlin-München, Langenscheidt. 2001.

Pons. *Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch*. Stuttgart, Ernst Klett Sprachen GmbH. 2007/8.

Larousse Planeta. *Vocabulario Básico del alemán*. España, Larousse Planeta. 1997.

## C. Gramáticas e outros libros

Braucek, B. / Castell, A. *Verbos alemanes*. Madrid, Idiomas. 2002.

Castell, A. *Gramática de la lengua alemana*. Madrid, Idiomas. 2002.

Corcoll, B./ R. *Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes*. Barcelona, Herder. 1999.

Funk, H. et al. *Deutsche Grammatik*. Zürich, Cornelsen. 2006.

Horbert R./ U. *Der kleine Duden. Gramática del alemán*. Madrid, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas. 2004.

Larousse. *Gramática Alemana*. Barcelona, Larousse Editorial S. A. 1999.

Ruipérez, G. *Gramática Alemana*. Madrid, Cátedra. 1994.

---

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Estranxeiro II: Alemán/V01G180V01206

---

## Outros comentarios

Recoméndase ter coñecementos informáticos, manexo da internet e de catálogos bibliotecarios.

---